

# GUÍA PARA A SELECCIÓN DE MATERIAIS PARA AS BIBLIOTECAS ESCOLARES-INFANTIL/PRIMARIA

*“Un mal libro é incapaz de inducir unha boa lectura” (C.S.Lewis)*

A presente publicación ten como finalidade orientar ao profesorado responsable das bibliotecas escolares dos centros de ensino infantil e primario, na selección dos materiais informativos e literarios que poidan adquirirse para a actualización das coleccións documentais. Esta guía, xunto con outras publicacións especializadas ao alcance do profesorado (revistas, guías, catálogos, bases de datos....) pode axudar na difícil tarefa de escoller os mellores documentos informativos, os mellores libros, para poñer nas mans dos nenos e nenas que se forman na biblioteca como lectores.

Á hora de decidir os materiais que aparecen nesta guía tivéronse en conta criterios de calidade, idoneidade, diversidade e contextualización. A guía recolle:

- **Dous centos de imprescindibles:** unha selección daqueles libros de literatura infantil e xuvenil que, a xuízo dos integrantes do grupo que realizou a selección, son imprescindibles... aqueles que consideramos que os nenos e nenas deberían ter a posibilidade de coñecer (aínda que aparecen recollidas as edicións máis actualizadas)
- **Xoves promesas:** unha escolla de títulos que destacan pola súa calidade e idoneidade para os usuarios e as usuarias a quen van dirixidos, entre os publicados dende xaneiro de 2002 ata Xuño de 2005, incluídos libros de ficción e libros informativos.
- **Promesas con estrela:** relación de títulos que acadaron premios de recoñecida valía e que por tanto poden servir de referencia en canto á calidade dos textos (2002-2005).
- **Materiais informativos:** selección de títulos de carácter informativo axeitados a estas idades.
- **Outros soportes:** materiais presentados en soporte magnético ou electrónico e distinto formato (DVD, vídeo, audio, multimedia), de carácter informativo ou lúdico, publicados a partir de xaneiro de 2002 e seleccionados en función do seu interese para seren empregados no contexto escolar.
- **Enderezos electrónicos** de interese para o profesorado e para o alumnado, de contido informativo e lúdico.
- **Recursos para a selección: editoriais galegas con coleccións destinadas ao público infantil,** enderezos electrónicos, revistas especializadas, bibliografía e outros recursos a disposición do profesorado para afondar nas súas buscas de materiais

No referente á lingua, empregouse un criterio de preferencia respecto dos materiais publicados en lingua galega, mais tivéronse en conta aquelas publicacións de interese para as bibliotecas escolares editadas en castelán e que completan un abano variado e rico para un achegamento gozoso á mellor literatura infantil, así como un tratamento axeitado dos diversos contidos curriculares. Incluíronse, tamén, materiais publicados noutras linguas presentes no sistema educativo así como algúns recursos para favorecer o tratamento da multiculturalidade dende a biblioteca escolar.

En canto ás traducións, contemplouse o seguinte criterio:

- Cando existen, incorpóranse as versións en lingua galega dos orixinais.
- Cando o idioma orixinal é o castelán, a versión inicial ten preferencia sobre o galego, aínda que poida indicarse que existe versión galega.

En relación á actualización en función da nova normativa ortográfica do galego, só se tivo en conta no caso dos dicionarios de lingua.

Os libros de ficción poden levar unha icona que fai referencia á calidade da ilustración. Tamén poden aparecer referenciados algúns títulos no apartado 82-I da CDU, entendendo por tales os chamados libros de imaxes.

Algúns poucos títulos recollidos no apartado *Dous centos de imprescindibles* poden estar descatalogados. A intención de incluílos non é outra que facer unha chamada de atención ao sector editorial sobre a pertinencia de recuperar estes títulos para poñer nas mans do lectorado galego de hoxe.

Coa fin de facilitar a selección para unha continua actualización dos fondos documentais, incorpóranse os listados daquelas coleccións que as empresas editoras manteñen con títulos de diverso contido e que van dirixidos ao público infantil, sexan de ficción ou de carácter informativo.

Coa finalidade de favorecer, así mesmo, o achegamento do profesorado á información sobre novas publicacións, acontecementos e experiencias relacionadas coa lectura, a educación en información e a literatura infantil e xuvenil, inclúense diversos recursos como revistas especializadas (impresas ou electrónicas) portais virtuais dedicados a esta temática, bibliografía e outros.

## **Biblioteca escolar/centro de recursos multimedia**

*A biblioteca escolar é un centro de recursos para a lectura, a información e a aprendizaxe, un foco dinamizador do centro que pon ao servizo de toda a comunidade educativa os fondos documentais existentes no mesmo, en soporte impreso magnético ou electrónico e nos diferentes formatos que a sociedade vai ofertando.*

A biblioteca selecciona, acolle, difunde, facilita e fomenta o uso de documentos informativos de diverso tipo, dirixidos á formación persoal, o entretemento, a información e a aprendizaxe nas distintas áreas de coñecemento.

Con fin de apoiar os procesos de ensino e aprendizaxe en todas as áreas curriculares e favorecer un uso dos recursos culturais a todo o alumnado, a biblioteca escolar debe contar cunha colección coidada, actualizada, equilibrada, axeitada aos seus usuarios e en continua evolución.

Os fondos documentais deben estar organizados seguindo pautas estandarizadas, de xeito que o alumnado poida adquirir habilidades no uso autónomo das fontes documentais, que lle aseguren como usuario desta e de calquera outra biblioteca ao seu alcance. (CDU)

O profesorado deberá atopar na biblioteca materiais suficientes e idóneos para favorecer o achegamento do seu alumnado aos mellores exemplos da rica literatura infantil que se crea e se edita en lingua galega; terá a oportunidade, tamén, de dar a coñecer a mellor literatura editada en lingua castelá e exemplos de textos axeitados ao seu alumnado nas linguas que se imparten no centro ou que teñen como propias alumnos e alumnas inmigrantes. Ao mesmo tempo, deberá ter documentación suficiente para completar as informacións dos

libros de texto, se os utilizase, en calquera das áreas curriculares, plenamente actualizada, diversa en contido e nivel de profundidade.

A biblioteca escolar debe exercer de factor de compensación, democratizando o acceso aos bens culturais de todos os nenos e nenas, independentemente da súa orixe socioeconómica; para elo ten que establecer uns horarios amplos que favorezan a súa utilización, contar cunha colección equilibrada e suficiente e estar atendida por profesorado con formación específica para a súa organización e dinamización.

## A colección

Coa fin de cumprir todos os seus obxectivos, a biblioteca escolar debe ofertar unha variada gama de materiais e recursos documentais:

- Materiais de ficción: libros de literatura infantil que contemplen os distintos intereses do alumnado, estimulen a súa imaxinación, aporten recursos para o ocio e o cultivo das afeccións e favorezan o pensamento crítico.
- Materiais para o tratamento dos diversos contidos curriculares.
- Materiais para o apoio á diversidade: atención ás necesidades educativas específicas, atención ao alumnado inmigrante, etc.
- Materiais para o profesorado e as familias
- Materiais elaborados polo alumnado e o profesorado
- Publicacións periódicas (xornais, revistas, boletíns...)

Os fondos da colección serán nunha porcentaxe importante libros e material impreso, pero tamén deberá contemplarse a existencia de:

- Materiais gráficos e fotográficos: fotografías, mapas, diapositivas, transparencias...
- Material audiovisual en soporte magnético: cintas, vídeos...
- Material audiovisual e multimedia en soporte electrónico: DVD, CD-Rom (películas, discos, xogos educativos, xogos de carácter lúdico... )
- Recursos on-line: bases de datos, publicacións periódicas, seleccións de páxinas web por temas, directorios, portais educativos, portais de carácter lúdico ou cultural, etc.

## Recomendacións sobre o tamaño da colección

Segundo as Pautas IFLA de 2002 para a Biblioteca Escolar, unha colección razoable de recursos impresos debe constar de **dez libros por alumno/a**. A biblioteca escolar máis pequena debera ter como mínimo 2.500 títulos relevantes e actualizados para garantir a atención aos intereses e necesidades do alumnado.

Ademais, os materias dunha biblioteca escolar deberán gardar a seguinte relación:

- **60% información:** 50% obras de coñecemento, monografías, manuais, reportaxes... sobre os temas do currículo (nº 1 ao 9 da CDU: facilitan a formación e estimulan a investigación) + 10% obras xerais de consulta e referencia (consultas sinxelas ou breves que cobren unha necesidade puntual, dicionarios, enciclopedias, atlas, guía bibliográficas, catálogos, directorios...(corresponden ao nº 0 da CDU)
- **40% ficción:** reflicten o universo imaxinario, á vez que estimulan a investigación: literatura (narrativa, poesía, teatro), cine, cómics, libros de imaxes, fotografías, creacións musicais...

Unha forma de eliminar materiais que entorpecen e paralizan, estancan, a biblioteca escolar é establecer un criterio de uso: aqueles materiais que en tres/cinco anos non tiveron un só movemento de préstamo poden ser innecesarios na colección. Pero non se pode establecer un criterio único para todos os materiais nin para todas as bibliotecas. O equipo responsable deste recurso educativo, en cada centro, debe ter un coñecemento amplo dos intereses dos lectores e lectoras e das necesidades curriculares; coñecer así mesmo os materiais que compoñen a colección e operar en consecuencia. Cómpre ter en conta tamén, a posible apertura da biblioteca, nun prazo máis ou menos curto, a outros usuarios posibles (familias, ex-alumnos, comunidade veciñal, a fin de non eliminar fondos que despois poidan ser útiles.

Cómpre ter en conta que un número excesivo de materiais pode confundir e despistar ao alumnado. Algúns expertos aseguran que coleccións superiores a 7.500 exemplares en primaria e 16.500 exemplares en secundaria poden ser prexudiciais, na medida en que o alumnado tería dificultades para localizar materiais acordes aos seus intereses. Ademais, é preferible ter un número suficiente e ben seleccionado de materiais que moitos pero de dubidosa eficacia (non axeitados, obsoletos, deteriorados...)

Á hora de manter equilibrada e actualizada unha colección é importante realizar de forma periódica unha expurgación dos materiais que están deteriorados, ficaron obsoletos ou non son axeitados para os usuarios da biblioteca escolar.

LA CANTIDAD DE DOCUMENTOS			
ETAPA	DISTRIBUCIÓN DEL FONDO POR ALUMNO		RENOVACIÓN ANUAL
	Documentos relacionados con las áreas curriculares	Documentos relacionados con intereses, aficiones	
E. INFANTIL	12 (*)		Aprox. 5%
	9-10 documentos impresos 2-3 juegos didácticos, documentos audiovisuales e informáticos		
E. PRIMARIA	6(*)	6(*)	Aprox. 5%
	5 documentos impresos 1 juego didáctico, documento audiovisual o informático	5 documentos impresos 1 juego didáctico, documento audiovisual o informático	
E. S. O.	8	4	Aprox. 5%
	6 documentos impresos 2 juegos didácticos, documentos audiovisuales o informáticos	3 documentos impresos 1 juego didáctico, documento audiovisual o informático	
BACHILLERATO Y ADÓLIDOS FORMATIVOS	10	2	Aprox. 5%
	7-8 documentos impresos 2-3 documentos audiovisuales o informáticos	Cada dos alumnos: 3 documentos impresos y 1 documento audiovisual o informático	

(\*) La globalización que caracteriza estas etapas impide establecer límites precisos entre los dos tipos de documentos propuestos y las propias áreas curriculares.

Fonte: MEC-CNICE. Bibliotecas Escolares (Curso de formación a distancia, 2003)

## Criterios para una selección equilibrada da colección

Algunhas iniciativas que se poden poñer en marcha coa fin de equilibrar a colección xa iniciada:

- Analizar e coñecer os fondos cos que conta a biblioteca do centro
- Realizar unha expurgación dos fondos
- Localizar todos os materiais espallados por distintos espazos do centro (departamentos, seminarios, bibliotecas de aula, aulas de informática, aulas de música, laboratorios, salas de audiovisuais, etc.), significativos para a súa incorporación ao rexistro centralizado
- Avaliar a adecuación dos fondos da biblioteca ao currículo escolar
- Arbitrar as medidas para coñecer as necesidades dos distintos ciclos, departamentos, áreas curriculares, así como os intereses de profesores e alumnos.
- Deseñar un plan de adquisicións, priorizando segundo as necesidades detectadas, e moi especialmente, a incorporación dos novos soportes.
- Crear unha hemeroteca
- Destinar un orzamento específico ás novas adquisicións para a revisión e actualización da colección.

En xeral, os materiais a adquirir para unha biblioteca escolar deberán responder aos seguintes criterios:

- Adecuación ao alumnado
- Variedade
- Equilibrio
- Actualización
- Adaptación ao currículo
- Intereses lectores
- Atención á diversidade
- Construída entre todos
- Calidade antes que cantidade

Cómpre, ademais, ter sempre en conta os contidos e o seu tratamento, a estrutura interna, o texto e o estilo, os aspectos visuais e materiais...

EVALUACIÓN DE LA DOTACIÓN DE LA BIBLIOTECA EN EDUCACIÓN PRIMARIA											
CICLO: _____ EQUIPO DOCENTE: _____		Libros de lectura (cuentos, fábulas, leyendas, poesía, teatro...)	Libros de consulta (diccionarios, enciclopedias...)	Libros de conocimiento (monografías)	Libros de imágenes (álbumes)	Publicaciones periódicas (revistas infantiles, cómics, tebeos, periódicos, etc.)	Materiales gráficos (carteles, mapas, fotos, etc.)	Documentos audiovisuales (diapositivas, vídeos, audiolibros, cassettes, compact-disco...)	Documentos electrónicos (CD-ROM, programas informáticos, CD-I...)	Juegos y otros materiales manipulativos	Recursos adecuados a n.e.e.
C. del Medio											
Educación Artística											
Educación Física											
Lengua y Literatura											
Lengua Extranjera											
Matemáticas											
Intereses y aficiones											

1- Deficiente      2- Mejorable      3- Adecuado      NE- No evaluable

Fuente: MEC-CNICE. Bibliotecas Escolares (Curso de formación a distancia, 2003)



## Lecturas más axeitadas para os distintos niveis de idade

O grupo autor desta guía, en base á experiencia e seguindo as últimas tendencias en canto á orientación lectora, estableceu tres grandes grupos de lectores, que se fan coincidir, dun xeito moi flexible, cos grupos de idade que se indican:

- **Primeiros lectores:** inclúe os primeiros lectores *por conta allea* (0-6 anos), ou prelectores, e os primeiros lectores *por conta propia*, os nenos e nenas que xa se inician na lectura. (6-8 anos)
- **Lectores autónomos:** lectores de 9 a 11 anos
- **Lectores expertos:** de 12 a 14 anos (Aínda que esta guía vai dirixida aos centros de Primaria, inclúense algunhas lecturas deste grupo, por seren títulos que deben estar ao alcance dos posibles lectores interesados ou para un uso por parte do profesorado nas súas prácticas de fomento da lectura)

Cómpre que cada centro tome decisións oportunas respecto da presentación dos materiais destinados aos máis pequenos, podendo separalos en dous grupos (*prelectores* e *primeiros lectores*) ou incorporar todos estes materiais nun so grupo (*primeiros lectores*)

Aínda que cada lector ou lectora ten peculiaridades diferentes, pódense sinalar algunhas características que permitan unha escolla axeitada a cada idade lectora.

Idade	Temas	Observacións
<b>Primeiros lectores</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Tradición oral infantil: nanas, cancións, adiviñas, recitados...</li> <li>• Historias rimadas</li> <li>• Poemas e cancións</li> <li>• Narracións de animais humanizados</li> <li>• Contos tradicionais, populares, fábulas e contos maravillosos sinxelos.</li> <li>• Narracións reais ou ficticias non moi complexas</li> <li>• Primeiras novelas curtas, con diferentes temáticas (para os máis grandíños)</li> <li>• Libros de imaxes</li> <li>• Libros sobre o mundo que lles rodea</li> <li>• Libros informativos</li> <li>• Contos con sorpresa, libros-xogo, libros manipulativos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Predominio da imaxe</li> <li>• Ilustracións cuidadas, novidosas, con propostas estéticas alternativas ás máis comerciais difundidas por cine e televisión.</li> <li>• Textos sinxelos, adaptados ao seu nivel de comprensión pero correctos e con cuidado pola beleza da linguaxe.</li> </ul>
<b>Lectores autónomos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aventuras: detectives, pandillas, medo</li> <li>• Contos fantásticos e narracións mitolóxicas</li> <li>• Relatos de humor</li> <li>• Poemas</li> <li>• Historias da vida real: a escola, a familia, conflitos persoais e de grupo.</li> <li>• Libros informativos de animais, deportes, pobos e países diversos, ciencia, manualidades</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• A imaxe vai cedendo espacio ao texto pero segue a ser importante e cómpre coidar a calidade das mesmas.</li> </ul>
<b>Lectores expertos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Novelas realistas: relacións de amizade, primeiro amor, conflitos persoais</li> <li>• Novelas que reflicten os problemas do medio social: ecoloxía, pacifismo, interculturalidade, convivencia...</li> <li>• Narracións de suspense: o misterioso, o descoñecido, historias policíacas...</li> <li>• Aventuras perigosas</li> <li>• Ciencia-ficción</li> <li>• Os clásicos xuvenís</li> <li>• Biografías</li> <li>• Poesía e teatro</li> <li>• Libros informativos sobre temas científicos, sexo, profesións, relixións, historia, xeografía...</li> <li>• Revistas sobre temas que lles interesan e prensa diaria</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Cómpre establecer itinerarios lectores que favorezan a creación paulatina do criterio lector, axudando na selección de lecturas e facilitando títulos de calidade.</li> </ul>

## Materiais para a atención á diversidade

Un dos aspectos que cómpre coidar no proceso de selección dos materiais a incluír na colección da biblioteca escolar é a atención á diversidade no seu sentido máis amplo. Así, incorporáranse paulatinamente materiais impresos e noutros soportes que respondan ás necesidades do alumnado con necesidades educativas específicas, e materiais axeitados para un correcto tratamento da pluriculturalidade. O sector editorial presenta xa liñas de publicación neste sentido e a través dos seus catálogos pódense atopar coleccións de interese. Antoloxías de contos de diversos países, coleccións que falan dos costumes das xentes en diversos lugares do mundo, coleccións sobre os nenos e nenas de diferentes pobos, atlas, libros bilingües, materiais para a aprendizaxe do galego ou do castelán como segundo idioma, contos nas linguas presentes no centro pola existencia de alumnado inmigrante, materiais para a aprendizaxe de linguas estranxeiras, materiais para alumnado con discapacidades, contos axeitados para alumnado con síndrome de autismo, etc.

Cómpre acoller materiais e recursos electrónicos incluídos no que se chama “lectura doada”, termo acuñado para referirse aos materiais que están pensados para facilitar a súa lectura a persoas con dificultades para a comprensión lectora, de carácter temporal, ou permanente debidas a distinto tipo de discapacidades.

Desde a sección da IFLA “Servizos bibliotecarios para persoas en situación de desvantaxe” elaboráronse unhas pautas para a elaboración e tratamento destes materiais, e que poden terse en conta para a selección dos mesmos. Entre outras:

- *Ao redactar un texto de “lectura doada” o principio básico é a construción dunha historia concreta cunha soa liña argumental, con poucos lugares e poucos personaxes. O transcurso dos acontecementos ha seguir unha orde cronolóxica, sen saltos no tempo.*
- *A linguaxe ha ser a propia de persoas adultas, concreta, evitando palabras moi longas ou pouco habituais. Evítanse os conceptos con dobre significado.*
- *A ilustración cobra unha grande importancia: imaxes que debuxen concretamente o que se describe no texto, imaxes que harmonicen co texto.*
- *Os aspectos formais, o deseño e a composición han facer atractivos os materiais de “lectura doada”, evitando calquera ton infantil cando van dirixidos a persoas adultas. As marxes amplas e o espazado xeneroso producen textos máis accesibles.*
- *O texto debe organizarse en bloques, cun número limitado de liñas por páxina. As palabras dunha oración simple deberían cubrir unha liña e as oracións longas subdividilas en núcleos sintácticos homoxéneos, evitando encabalgamentos.*
- *O papel ha ser de calidade, con suficiente contraste entre fondo e ilustracións; deben evitarse os fondos e os tipos coloreados. A tipografía ha ser clara e de formato grande (Garamond 13 puntos ou Times New Roman, 14 puntos).*
- *Todos os produtos de lectura doada deben estar claramente etiquetados cun logotipo axeitado. Os produtos que se identifiquen con este logo deben cumprir a Normativa da IFLA.*

Sobre esta temática, pódese consultar tamén o seguinte enderezo:

<http://www.inclusiondigital.net/ponen/limicogni/slide8-0.html>

## Orientación para valorar a credibilidade dos sitios web

A biblioteca escolar debe permitir o acceso dos lectores a internet. Mais este acceso debe ir acompañado da formación e a capacitación axeitadas para un uso selectivo de toda a información á que se pode acceder grazas ás tecnoloxías da información e a comunicación.

Unha das funcións primordiais da biblioteca escolar é a de contribuír á *educación en información* do alumnado do centro, ofertando materiais, espazos, tempos e propostas formativas para un tratamento eficaz das fontes informativas. Debido ás características dos datos que circulan por internet, unha cuestión urxente é proporcionar ao alumnado, de forma progresiva e sistematizada, recursos para un achegamento eficaz e crítico a este recurso indispensable. Esta formación debera ir integrada nun proxecto máis amplo de *alfabetización informacional*, programada para os distintos niveis de ensino presentes no centro, coa colaboración do profesorado das distintas áreas.

Cumpriría facer fincapé en dúas cuestións básicas:

- Lembrar que calquera pode publicar en internet
- O feito de que unha información determinada sexa publicada en internet non significa que esa información sexa fiable.

Algúns criterios para avaliar as páxinas web:

- Relevancia: ¿É relevante a información atopada para a busca que se está a facer? ¿Responde ás nosas cuestións? ¿Proporciona novas ideas ou pola contra apoia as que xa tiñamos? ¿Proporciona un estudo útil para ilustrar aspectos do noso traballo?
- Autoría: ¿Identifícanse o autor ou autores no documento? Os enderezos das web xa poden dar algunha pista. Os dominios identifican o tipo de propietario. Tamén se pode identificar na páxina de inicio (home page) onde adoita figurar o nome do autor.
- Orientación: ¿A web está patrocinada por algún grupo ou organización que manifesta nela os seus puntos de vista? ¿Estes puntos de vista son equilibrados ou soamente presentan argumentos parciais? ¿A web busca apoios ás súas manifestacións?
- Actualización: ¿O documento e a información están actualizados? Se non ten data de actualización pódese coñecer a través do navegador, buscando as propiedades da páxina.
- Enlaces: ¿Hai enlaces a outras web de confianza? ¿Están ben seleccionados? ¿Funcionan correctamente?

A título ilustrativo do que se pode facer dende a biblioteca escolar para a formación do alumnado, especificamente neste tema, recoméndase a páxina web seguinte, da profesora-bibliotecaria Glòria Durban:

<http://www.bibliotecaescolar.info/ACTIVITATS/unidad5/portadaindex.htm>



## A CDU: un sistema estandarizado para a clasificación dos materiais

Os materiais desta guía levan unha indicación do apartado da CDU no que se incluírían, coa fin de facilitar a selección. A Clasificación Decimal Universal é un sistema estandarizado empregado internacionalmente para a clasificación e organización dos fondos documentais das bibliotecas. A Asesoría de Bibliotecas Escolares elaborou unha adaptación da CDU para as bibliotecas dos centros educativos da comunidade, como proposta para unha normalización desexable. Estas adaptacións, que están a disposición do profesorado na sección de Bibliotecas Escolares do Portal educativo, están previstas para os centros de primaria (nivel I) e para os centros de ensino secundario con estudos de bacharelato e ciclos formativos (nivel II). Inclúese no portal de busca desta guía unha táboa simplificada desta adaptación da CDU para unha consulta rápida.

**TÁBOA SIMPLIFICADA DA C.D.U. (Clasificación Decimal Universal)**

<b>0</b>	<b>Xeneralidades</b>	<b>4</b>	<b>(Baleiro)</b>	<b>8</b>	<b>Lingüística</b>
	<b>Dicionarios</b>	<b>5</b>	<b>Matemáticas</b>		<b>Literatura</b>
	<b>Enciclopedias</b>		<b>Ciencias Naturais</b>	<b>80</b>	<b>Lingua. Xeneralidades</b>
<b>01</b>	<b>Bibliografías.</b>	<b>50</b>	<b>Medio ambiente</b>	<b>81</b>	<b>Linguas</b>
	<b>Catálogos</b>	<b>51</b>	<b>Matemáticas</b>	<b>811.111</b>	<b>Inglés</b>
<b>02</b>	<b>Bibliotecas</b>	<b>52</b>	<b>Astronomía. Investigación</b>	<b>811.133.1</b>	<b>Francés</b>
<b>03</b>	<b>Enciclopedias e</b>		<b>espacial</b>	<b>811.134.2</b>	<b>Castelán</b>
	<b>dicionarios</b>	<b>53</b>	<b>Física</b>	<b>811.134.3</b>	<b>Portugués</b>
<b>04</b>	<b>Ordenadores.</b>	<b>54</b>	<b>Química</b>	<b>811.134.4</b>	<b>Galego</b>
	<b>Informática</b>	<b>55</b>	<b>Ciencias da Terra</b>	<b>82</b>	<b>Literatura</b>
<b>05</b>	<b>Anuarios. Publicacións</b>	<b>57</b>	<b>Bioloxía</b>	<b>821</b>	<b>Literaturas das</b>
	<b>periódicas</b>	<b>58</b>	<b>Botánica</b>		<b>distintas linguas</b>
		<b>59</b>	<b>Zooloxía</b>	<b>821.111</b>	<b>Literatura inglesa</b>
<b>1</b>	<b>Filosofía. Psicoloxía</b>	<b>6</b>	<b>Ciencias aplicadas.</b>	<b>821.133.1</b>	<b>Literatura francesa</b>
	<b>Ética</b>		<b>Medicina. Tecnoloxía</b>	<b>821.134.2</b>	<b>Literatura castelá</b>
<b>114</b>	<b>Sistemas filosóficos</b>	<b>61</b>	<b>Medicina. Saúde</b>	<b>821.134.4</b>	<b>Literatura galega</b>
<b>15</b>	<b>Psicoloxía</b>	<b>62</b>	<b>Enxeñería. Tecnoloxía</b>	<b>82-P</b>	<b>Poesía</b>
<b>16</b>	<b>Lóxica. Epistemoloxía</b>	<b>63</b>	<b>Agricultura. Gandería</b>	<b>82-T</b>	<b>Teatro</b>
<b>17</b>	<b>Moral. Ética</b>	<b>64</b>	<b>Economía doméstica</b>	<b>82-N</b>	<b>Narrativa</b>
		<b>65</b>	<b>Industria. Comercio.</b>	<b>82-E</b>	<b>Ensaio</b>
			<b>Transporte</b>	<b>82-C</b>	<b>Cómic</b>
<b>2</b>	<b>Relixión</b>	<b>66</b>	<b>Industria química</b>	<b>82-I</b>	<b>Imaxe</b>
<b>22</b>	<b>A Biblia</b>	<b>67</b>	<b>Industria, comercio,</b>	<b>9</b>	<b>Xeografía</b>
<b>26</b>	<b>Cristianismo</b>		<b>oficios diversos</b>		<b>Biografías</b>
<b>29</b>	<b>Outras relixións.</b>	<b>68</b>	<b>Industria, oficios e</b>	<b>91</b>	<b>Historia</b>
	<b>Mitoloxía</b>		<b>comercio de artigos</b>	<b>92</b>	<b>Xeografía. Viaxes</b>
		<b>69</b>	<b>manufacturados</b>	<b>93</b>	<b>Biografía</b>
<b>3</b>	<b>Ciencias Sociais</b>		<b>Construcción</b>	<b>94(460)</b>	<b>Historia</b>
<b>31</b>	<b>Demografía.</b>	<b>7</b>	<b>Arte. Música. Deportes.</b>	<b>94(460.11)</b>	<b>Historia de España</b>
	<b>Estatística. Socioloxía</b>		<b>Espectáculos</b>		<b>Historia de Galicia</b>
<b>32</b>	<b>Política</b>	<b>71</b>	<b>Urbanismo</b>	<b>Literatura infantil e xuvenil</b>	
<b>33</b>	<b>Economía</b>	<b>72</b>	<b>Arquitectura</b>	<b>I1</b>	<b>Pre-lectores</b>
<b>34</b>	<b>Dereito</b>	<b>73</b>	<b>Artes plásticas. Escultura</b>		<b>Primeiros</b>
<b>35</b>	<b>Administ. pública.</b>	<b>74</b>	<b>Debuxo. Deseño. Artesanía</b>	<b>I2</b>	<b>lectores</b>
	<b>Goberno.</b>	<b>75</b>	<b>Pintura</b>		<b>0-8 anos</b>
<b>36</b>	<b>Traballo social.</b>	<b>76</b>	<b>Artes gráficas. Gravado</b>	<b>I3</b>	<b>Lectores autónomos</b>
	<b>Consumo</b>	<b>77</b>	<b>Fotografía</b>		<b>9-11 anos</b>
<b>37</b>	<b>Educación. Ensinanza.</b>	<b>78</b>	<b>Música</b>	<b>I4</b>	<b>Lectores expertos</b>
	<b>Tempo de lecer</b>	<b>79</b>	<b>Diversións. Espectáculos.</b>		<b>12-14 anos</b>
<b>38</b>	<b>Turismo</b>		<b>Xogos. Deportes</b>	<b>X</b>	<b>Xuvenil + de 15 anos</b>
<b>39</b>	<b>Etnografía. Folclore.</b>				
	<b>Vida social</b>				

## BIBLIOGRAFÍA:

- **Bibliotecas Escolares.** (Módulo Biblioteconomía: La colección). Ministerio de Educación-CNICE. Curso de educación a distancia. Madrid, 2003
- **Directrices IFLA/UNESCO para la biblioteca escolar.**  
<http://www.ifla.org/VII/s11/pubs/squide02.pdf>
- **La colección documental de la biblioteca escolar.** Glória Durban. Educación y biblioteca. Nº 148, 2005.
- **La mejor colección.** Varios autores. Ministerio de Educación. Recursos educativos on line <http://www.cnice.mecd.es/recursos2/bibliotecas/html/01lamejor.htm>
- **Los fondos de la biblioteca escolar y los planes de lectura del centro.** Blitz, colección Bibliotecas Escolares. Serie Azul. Gobierno de Navarra. Departamento de Educación, 2005
- **Selección de libros y otros materiales para la biblioteca.** Málaga: Plan Provincial para el Desarrollo de las Bibliotecas Escolares. Consejería de Educación y Ciencia. Delegación Provincial de Málaga, 2001:

## GRUPO GUÍA:

- Juana Vázquez Silva, de AGABEL
- Manuel Bragado, de AGE, Asociación Galega de Editores.
- José Álvaro Álvarez Gómez, da Biblioteca Nova33, da Fundación Caixa Galicia.
- Miguel Salas, da Federación de Libreiros de Galicia.
- Pilar Sampedro Martínez, de GALIX
- Cristina Novoa, Asesora de Bibliotecas Escolares da Consellería de Educación e O.U.

*Santiago de Compostela, Decembro de 2005*